



SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE MARZO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dezasete horas e corenta e cinco minutos do día oito de marzo de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto e don Ramón Boga Moscoso.

Non asiste e presenta escusa don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O Sr. alcalde explica que, tal e como consta na resolución de convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente, a urxencia da convocatoria vén xustificada en que:

Con data do día mañá, 9 de marzo de 2018, entra en vigor a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Segundo a "Disposición transitoria primeira. Expedientes iniciados e contratos adjudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei. 1.- Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei se rexerán pola normativa anterior. A estos efectos, entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se houbera publicado a correspondente



convocatoria do procedemento de adjudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación se tomará en conta a data de aprobación dos pregos.”

Vistos os expedientes remitidos á Alcaldía polo departamento de Contratación, incoados a instancia da concellería de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación e da concellería de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, considero debidamente xustificada a convocatoria dunha sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º. Expedientes de contratación.

2.1. Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, do servizo de organización e desenvolvemento de obradoiros de prevención socioeducativa 2018-2020 no Concello de Cambre. Expediente: 2018/C004/000006

Vista a proposta de Alcaldía de data 8 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“A educadora social municipal, coa conformidade da coordinadora de Servizos Sociais, asinou con data do 7 de marzo de 2018, o informe-proposta para a contratación do servizo de organización e desenvolvemento de obradoiros de prevención socioeducativa 2018-2020 no Concello de Cambre , e mailas prescricións técnicas que rexerán para o seu desenvolvemento, que contan co visto e praxe do Concelleiro da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación por un presuposto de execución por contrata total para todo o período de duración do contrato de 23.812,80 euros, IVE incluído, (prezo sen IVE : 21.648,00 euros) .

O obxecto destes obradoiros consiste en impartir contidos relativos tanto ao reforzo educativo como habilidades sociais, de promoción da saúde, educación en valores, educación emocional, igualdade de xénero e corresponsabilidade, dirixidos a menores con idades comprendidas entre os 6 e 18 anos, que se atopen en situación de risco debidamente valorada.

Por providencia do Sr. Alcalde de data 8 de marzo de 2018, acordouse incoar expediente de contratación, encargando ao Departamento de Secretaría-Contratación a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares, así como que se emitise informe pola Secretaría e Intervención municipais.

Existe consignación orzamentaria na aplicación 231.22608, por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido pola Intervención Municipal con data do 6 de marzo de 2018, tendo en conta que, por se tratar dun gasto plurianual, a aprobación e disposición do gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e dabondo nos orzamentos dos exercicios 2018 a 2020.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

No informe-proposta emitido para a contratación do servizo, inclúese a mención expresa respecto da non existencia de duplicidades na prestación do servizo, que se complementa co informe da Intervención Municipal sobre sustentabilidade financeira emitido con data do 7 de marzo actual, con base no establecido na Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local .

Consta no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares , así como o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 8 de marzo actual, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, de data 8 de marzo de 2018

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar o servizo de organización e desenvolvemento de obradoiros de prevención socioeducativa 2018-2020 no Concello de Cambre , cun orzamento de licitación de 22,00 euros/hora sen IVE (24,20 euros/hora IVE incluído), un valor estimado de 23.812,80 euros (correspondente ao prezo total sen IVE de 21.648,00 euros máis o 10 % de posibles modificacións) , e un importe total para toda a duración do contrato de 21.648,00 euros sen IVE e 23.812,80 euros IVE incluído, isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 174.e) e 177.2 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 100.000,00 euros, (exp. 2018/C004/000006).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 231.22608, comprometéndose o concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Terceiro: Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, e mailas características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89.2 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, o prezo dos servizos comprendidos no presente contrato, atendendo á súa natureza e prazo de execución, non poderá ser obxecto de revisión, e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 174.e) do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e proceder a publicar un anuncio indicativo da contratación na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e nun dos diarios de maior tiraxe, á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 60.000,00 euros.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre"; cofinanciada ao abeiro da Resolución do 18 de maio de 2017, da Agader, pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018. Expediente: 2017/C003/000011

Vista a proposta de Alcaldía de data 8 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) ditou a Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 (DOG núm. 102, do 31 de maio de 2017).

Ao abeiro do disposto na citada resolución, o Concello de Cambre, mediante Resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente núm. 1101/2017, do 16 de xuño, solicitou a concesión dunha subvención, por un importe de 38.807,00 euros (19.403,50 euros para a anualidade 2017, e 19.403,50 euros para a anualidade 2018), para a realización do proxecto "Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre".

O dito proxecto foi elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, cun orzamento base de licitación de 46.563,74 euros (IVE incluído).

O 18 de maio de 2017 o director xeral da Agader aprobou a Resolución para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, concedéndolle ao Concello de Cambre unha axuda por importe de 38.807,00 euros. Esta resolución foi recibida o día 26 de setembro de 2017 a través do sistema Notifica.gal, e rexistrada de entrada no concello co núm. 0/8652 o mesmo día 26 de setembro.

O 3 de outubro de 2017, o arquitecto municipal emitiu informe segundo o cal os traballos se realizarán sobre instalacións xa existentes, de titularidade municipal, polo que non é preciso para o seu desenvolvemento a autorización de ningunha outra administración que non sexa a municipal e, polo tanto, dende o punto de vista urbanístico o proxecto considérase viable.

Consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 6 de febreiro de 2018 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 454.61900, por importe de 46.563,74.

O 1 de marzo de 2018 a enxeñeira técnica de obras públicas municipal emite informe, no que, entre outros extremos, contén o factor prezo como único criterio de valoración, que tamén será, no caso de optar pola contratación por procedemento negociado, o único criterio de negociación, isto debido a que se trata dunha obra sen demasiada complexidade técnica.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do día 6 de marzo de 2018, aprobou o proxecto de referencia. Coa mesma data do 6 de marzo consta asinada a acta de replanteo, asinada pola redactora do proxecto, a enxeñeira técnica de obras públicas municipal.

O señor alcalde, con data 6 de marzo de 2018, dita a providencia para a incoación do expediente de contratación para adxudicar a obra de "*Mellora do camiño 000383 dende Fabás ata Armental, Cambre*", incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, por un orzamento de execución por contrata de 46.563,74 euros (IVE incluído), mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo coa proposta incluída no informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal o 1 de marzo de 2018, e solicita que se emitan os pertinentes informes pola Secretaría e maila Intervención municipais, tras os cales darase conta para continuar coa tramitación do expediente, no seu caso.

Figuran ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, responsable de Contratación, co conforme da secretaria xeral e mailo interventor municipal, de data 7 de marzo de 2018, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data 8 de marzo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar a obra denominada "*Mellora do camiño 00383 dende Fabás ata Armental, Cambre*", cofinanciada ao abeiro da Resolución do 18 de maio de 2017, da Agader, pola que se aproba a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, cun valor estimado de contrato de 46.178,91 euros (orzamento base sen IVE, 38.482,43 + 10% modificado do proxecto, 3.848,24 + 10% certificación final, 3.848,24), e un orzamento de execución por contrata de 46.563,74 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 171.d) e 177.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), e no artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 1.000.000,00 euros (exp. nº 2017/C003/000011).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2018/454.61900.

Terceiro: Aprobar o prego de cláusulas administrativas e mailas características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: Como único criterio para a adxudicación do contrato, segundo consta na cláusula 15.2 e máis no Anexo V.I do prego de cláusulas administrativas, empregarase prezo, isto de conformidade coa proposta formulada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data 1 de marzo de 2018, tal e como se transcribe a continuación:



“Oferta económica (Max 100 ptos):

Valórase ata 100 puntos a oferta económica máis vantaxosa, e o resto asignaranse puntos proporcionalmente á baixa mediante unha regra de tres.”

Tendo en conta o mesmo informe, e segundo establece a cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego de cláusulas administrativas da presente licitación, aplicarase como criterio de negociación a oferta económica.

Quinto: Designar unha Comisión de Negociación, para os efectos de levar a cabo a negociación que se contempla na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, integrada por:

- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias. En caso de ausencia a técnica do Departamento de Intervención en quen delegue.
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë. En caso de ausencia un técnico de igual ou superior categoría do Departamento de Servizos
- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Contratación, dona M^a Fernanda Montero Carré. En caso de ausencia unha técnica de igual ou superior categoría do Departamento de Secretaría

Sexto: De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 171.d) do TRLCSP, e publicar un anuncio no Perfil de Contratante do Concello de Cambre (www.cambre.es e www.contratosdegalicia.es) e nun dos diarios de maior tiraxe, isto de conformidade co disposto polos artigos 169, 171 e 178 do TRLCSP, art. 93 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 200.000,00 euros.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da dirección da obra incluída no POS + 2017 da Excma. Deputación Provincial da Coruña denominada "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1". Expediente: 2018/C004/000003

Vista a proposta de Alcaldía de data 8 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Concello de Cambre está a tramitar o expediente nº 2017/C003/000005, para adxudicación da obra incluída no POS + 2017 da Excma. Deputación Provincial da Coruña denominada “Casa da



Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017.Fase 1", atopándose dito expediente próximo a adxudicarse.

Con data do 7 de marzo actual, o arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito emite informe no que indica que a edificación a executar precisa dun nomeamento de dirección facultativa conformada por dous profesionais técnicos : o director de obra e o director da execución da obra, tratándose de dous profesionais que aínda actuando de forma coordinada, non constitúen un único axente, de conformidade cos artigos 12 e 13 da Lei de ordenación da edificación (Lei 38/99 do 5 de novembro).

No antedito informe, o arquitecto municipal indica que a dedicación que necesita a obra de referencia fai inviable que se poida acometer cos medios cos que conta o Concello de Cambre , dada a carga de traballo dos técnicos da Área de urbanismo, polo que propón contratar externamente os traballos anteditos, valorándose os traballos que integran a dirección da obra no importe de 23.860,00 euros (sen IVE), e 28.870,60 euros (IVE incluído), e achegando ao seu informe o prego de prescricións técnicas para o desenvolvemento dos traballos.

Existe consignación orzamentaria na aplicación 334.62200, por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido pola Intervención Municipal con data do 7 de marzo actual.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e maillo interventor municipais de data 8 de marzo actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 8 de marzo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar o servizo consistente na dirección da obra incluída no POS + 2017 da Excm. Deputación Provincial da Coruña denominada "*Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017.Fase 1*", cun orzamento de execución por contrata de 28.870,60 euros IVE incluído, e un valor estimado de 23.860,00 euros, isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 174.e) e 177.2 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 100.000,00 euros, (exp. 2018/C004/000003).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 334.62200 comprometéndose o concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.



Terceiro: Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, e mailas características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89.2 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, o prezo dos servizos comprendidos no presente contrato, atendendo á súa natureza e prazo de execución, non poderá ser obxecto de revisión, e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 174.e) do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e proceder a cursar invitacións a participar no procedemento negociado aos seguintes licitadores capacitados para a realización do obxecto do contrato, esto de conformidade co establecido nos artigos 169 e 178.1 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), e tendo en conta o informe emitido polo arquitecto municipal con data do 07/03/2018 :

- David Sarmiento Nogueira, arquitecto colexiado nº 2.833
- Patricia Muñoz Núñez, arquitecta colexiada nº 2.855
- Emilio Cortés Varela, arquitecto colexiado nº 779"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, do control de calidade da obra incluída no POS + 2017 da Excma. Deputación Provincial da Coruña denominada "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1". Expediente: 2018/C004/000005

Vista a proposta de Alcaldía de data 8 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"O Concello de Cambre está a tramitar o expediente nº 2017/C003/000005, para adxudicación da obra incluída no POS + 2017 da Excma. Deputación Provincial da Coruña denominada "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017.Fase 1", atopándose dito expediente próximo a adxudicarse.

Con data do 7 de marzo actual, o arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito emite informe, no que fai referencia á cláusula 29 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, e aplicable á contratación da obra, e que contempla expresamente que "A administración, a través da Dirección ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

de execución material da obra ou, no seu caso, da porcentaxe que, excedendo deste 1% (expresado con dous decimais), ofrezca o adxudicatario. Para estes efectos a administración reterá a porcentaxe de control de calidade correspondente en cada certificación de obra.

A mesma Dirección fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral para o efecto, nin estableceza tales datos o Prego de prescricións técnicas particulares.”

En cumprimento do antedito, resulta necesaria a contratación externa dos servizos consistentes no control de calidade das obras da “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017.Fase 1”,, para o que o arquitecto municipal achega o prego de prescricións técnicas, cun importe de execución por contrata de 50.003,47 euros IVE incluído.

Esta contratación non xenera gastos para o Concello de Cambre, ao ser por conta do contratista, tal e como se especifica na cláusula 29 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable á contratación da obra.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 8 de marzo actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 8 de marzo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar o servizo consistente na realización do control de calidade externo da obra incluída no POS + 2017 da Excma. Deputación Provincial da Coruña denominada “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017.Fase 1”, cun orzamento de execución por contrata de 50.003,47 euros IVE incluído, e un valor estimado de 41.325,18 euros, isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 174.e) e 177.2 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/97 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 100.000,00 euros, (exp. 2018/C004/000005).

Segundo: Esta contratación non xenera gastos para o Concello de Cambre, ao ser por conta do contratista, tal e como se especifica na cláusula 29 do prego de cláusulas administrativas particulares aplicable á contratación da obra (exp. 2017/C003/000005).

Terceiro: Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, e mailas características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.



Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89.2 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, o prezo dos servizos comprendidos no presente contrato, atendendo á súa natureza e prazo de execución, non poderá ser obxecto de revisión, e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 174.e) do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, e proceder a cursar invitacións a participar no procedemento negociado ás seguintes entidades capacitadas para a realización do obxecto do contrato, esto de conformidade co establecido nos artigos 169 e 178.1 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), e tendo en conta o informe emitido polo arquitecto municipal con data do 07/03/2018 :

- CYE Control y Estudios, S.L. , con CIF B-15393689
- 3C Calidad y Control S.C.G., con CIF F-70380167
- Galaicontrol, con CIF B-36651487
- Enmacosa, con CIF A-27812627
- Eptisa Servicios de Ingeniería, con CIF B-85097962”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da dirección de execución da obra incluída no POS+ 2017 da Excma. Deputación Provincial da Coruña denominada "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1". Expediente: 2018/C004/000004

Vista a proposta de Alcaldía de data 8 de marzo de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Concello de Cambre está a tramitar o expediente nº 2017/C003/000005, para adxudicación da obra incluída no POS+ 2017 da Excma. Deputación Provincial da Coruña denominada “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017.Fase 1”, atopándose o dito expediente próximo a adxudicarse.

Con data do 7 de marzo actual, o arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito emite informe no que indica que a edificación a executar precisa dun nomeamento de dirección facultativa conformada por dous profesionais técnicos: o director de obra e o director da execución da obra, tratándose de dous profesionais que aínda actuando de forma coordinada, non constitúen un único axente, de conformidade cos artigos 12 e 13 da Lei de ordenación da edificación (Lei 38/1999 do 5 de novembro).

No antedito informe, o arquitecto municipal indica que a dedicación que necesita a obra de referencia fai inviable que se poida acometer cos medios cos que conta o Concello de Cambre, dada a carga de traballo dos técnicos da Área de urbanismo, polo que propón contratar externamente os traballos anteditos, valorándose os traballos que integran a dirección de



execución da obra no importe de 15.250,00 euros (sen IVE), e 18.452,50 euros (IVE incluído), e achegando ao seu informe o prego de prescricións técnicas para o desenvolvemento dos traballos.

Existe consignación orzamentaria na aplicación 334.62200, por importe suficiente para facer fronte aos gastos desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido pola Intervención Municipal con data do 7 de marzo de 2018.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 8 de marzo actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 8 de marzo de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar o servizo consistente na dirección de execución da obra incluída no POS+ 2017 da Excma. Deputación Provincial da Coruña denominada “*Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017.Fase 1*”, cun orzamento de execución por contrata de 18.452,50 euros, IVE incluído, e un valor estimado de 15.250,00 euros, isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 174.e) e 177.2 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 100.000,00 euros, (exp. 2018/C004/000004).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 334.62200, comprometéndose o concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Terceiro: Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, e mailas características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 89.2 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, o prezo dos servizos comprendidos no presente contrato, atendendo á súa natureza e prazo de execución, non poderá ser obxecto de revisión e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Quinto: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 174.e) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e proceder a cursar invitacións a participar no procedemento negociado aos seguintes licitadores (arquitectos técnicos) capacitados para a realización do obxecto do contrato, isto de conformidade co establecido nos artigos 169 e 178.1 do RD Legislativo 3/2011 (Texto



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Refundido da Lei de contratos do sector público), e tendo en conta o informe emitido polo arquitecto municipal con data do 07/03/2018 :

- José Carlos Rama Mirás
- Miguel Ángel Fente Castro
- María Isabel García Seoane”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dezoito horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria
María Luisa de la Red Ampudia